

Álvarez Blanco, Rosario / Xosé Xove Ferreiro (2013): “Cartas que cruzan o Miño. Correspondencia con don Pedro Álvarez V de Soutomaior, falsificador (1527)”, en Rosario Álvarez / Ana Maria Martins / Henrique Monteagudo / Maria Ana Ramos: *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 29-55.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Cartas que cruzan o Miño. Correspondencia con don Pedro Álvarez V de Soutomaior, falsificador (1527)

ROSARIO ÁLVAREZ & XOSÉ XOVE

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

O inicio do século XVI marca na historia europea o comezo da Idade Moderna, que, no ámbito lingüístico e literario, se caracteriza pola progresiva substitución do latín en favor das linguas vernáculas que se asocian cos estados emerxentes e que se van configurando como as grandes linguas de cultura europeas. Non é ese o caso do galego: Galicia ve comezar un período de trescentos anos de apagamento do seu idioma na cultura escrita, que conduce a un notable desprestixio social e ao esquecemento do brillante pasado medieval; un período que na nosa historia cultural recibe o significativo nome de «séculos escuros». Por iso chamaron a nosa atención os tres textos que editamos e estudamos, mesmo sendo híbridos: tres epístolas de carácter privado, dúas de 1527 e outra de entre 1528 e 1530. O feito de seren cartas aumenta a súa importancia, debido á aínda maior escaseza de testemuños do xénero epistolar¹, á que non son alleos nin o seu carácter efémero nin o abandono da lingua do país por parte das clases máis cultivadas.

Neste contexto, a presenza do galego débese probablemente a seren cartas de carácter persoal, non público, onde emerxe con maior facilidade a lingua habitual para a comunicación oral entre os correspondentes. Debido ao seu carácter de textos circunstanciais e de contido bastante particular, xunto coa edición, cumpría un labor de esclarecemento das súas características textuais e contextuais: como se producen e por que, cales son as persoas implicadas, como se datan e por que

rosario.alvarez@usc.es / xose.xove@gmail.com

1 As poucas cartas conservadas forman parte valiosa do pequeno conxunto de textos en galego desta época. Referímonos en particular ás dirixidas ao conde de Gondomar, Diego Sarmiento de Acuña (1567-1626), salvadas da desaparición grazas ao afán coleccionista do receptor (vid. edición completa en Álvarez/Montederramo 2004 e 2005).

conduto se difunden, cal é o seu contido... Este, xunto coas características epistolográficas, foi o noso centro de atención na presente contibución; márcanse as alternancias de código, pero a necesaria análise da hibridación, así como a das características relevantes do galego empregado (grafía, gramática, léxico, onomástica...), tiveron que adiarse por forza para unha ulterior ocasión.

As tres cartas editadas forman parte dun conxunto maior, integrado no expediente do proceso aberto en 1531 contra Pedro Álvarez, como falsificador, a instancias do arcebispo de Santiago (AGS. Consejo Real. Leg. 478). Por iso non chegaron a nosoutros as cartas orixinais, escritas de puño e letra polos seus autores, senón o traslado seriado de todas elas, nunha copia que se pretende literal e limita os bordos superior e inferior da páxina por mor de evitar inclusións. Debemos o acceso a toda a correspondencia do preito á xenerosidade de Pilar Rodríguez Suárez e Mercedes Vázquez Bertomeu², que nos facilitaron a transcripción completa, nun texto de traballo non revisado para a edición. Tódolos fragmentos que serán citados están tomados da lectura provisional destas dúas investigadoras, que agradecemos publicamente; a edición final das tres cartas mencionadas, claro está, implica ademais a nosa propia lectura dos documentos.

As cartas están numeradas no ángulo superior esquerdo. O texto aparece corrido, ao parecer enlazando a despedida (*subscriptio*) coa *inscriptio* (nome do destinatario e en certo modo indicación de enderezo); segue, en liña á parte e con letras, o número de orde da carta no expediente. As tres que reclamaron o noso interese, polo emprego da lingua galega, son as numeradas como 44 [fol. 87r-88r], 45 [fol. 88r-89r] e 50 [fol. 92v], trasladadas pola mesma man (no sucesivo, C44, C45 e C50); as restantes están redactadas en castelán, mais, con todo, varias delas mostran un alto grao de hibridación lingüística, polo que tamén son interesantes desde o mesmo punto de vista.

O interese das cartas aumenta se consideramos a importancia dos personaxes implicados e, sobre todo, a dos feitos narrados ou aludidos. Pedro Álvarez de Soutomaior, o V da súa liñaxe con este nome, neto do feroz Pedro Madruga, pasou á historia co innobre título de «O Parricida» (para a xenealoxía, Vila 2010:

2 A elas debemos tamén a primeira noticia da existencia destas cartas escritas en lingua galega, nun artigo que, tomando como exemplo este caso, analizaba os usos epistolares da nobreza galega desta época (Rodríguez/Vázquez 2002). Agradecemos tamén a Xosé Luís Rodríguez Montederramo, da Real Biblioteca, a súa ollada sempre atenta ás pegadas deixadas polo galego escrito nesta época e a amabilidade de nos facilitar copia dos orixinais.

48-49). Foi probado en xuízo, promovido pola súa irmá Francisca, que mandou matar a súa nai, dona Inés Henríquez de Monroi, para así resolver asuntos de herdanza e señoríos³. Coa complicidade do prior de Paderne (Melgaço), dous dos seus homes, Domingos Troiteiro e Xoán Martínez, tenden unha emboscada á condesa ao seu paso por un monte preto de Mourentán (parroquia de Arbo, situada fronte a Paderne, do outro lado do río) e tentan matala «a palletadas», isto é, disparándolle *palletas* cunha bésta; mais o conde non se fía de que catro acertos sexan abondo, así que os manda volver de noite, para rematala, á reitoral do crego de Arbo, Mendo Alonso, onde se acollera a ferida na procura de confesión:

e que este confesante llevaba una ballesta armada y los otros dos ansy / mesmo, y entraron dentro en la dicha cassa, y en la cámara donde estava acostada la dicha condesa, en una cama estando unas candelas ençendidas, que el dicho Domingo Troytero tiró luego una palletada a la dicha condesa, no sabe sy le açertó sy no, e que luego sacó de su espada e le dio muchas cochilladas en la cama donde estava hechada hasta que la mató [fol. 163v-164r].

De resultas destes feitos, os autores materiais foron presos, torturados, xulgados e axustizados. Como xuíz real actuou o alcalde licenciado Rodrigo Ronquillo, que ditou sentenza o 1/6/1518 (reproducida en Vila 2010: 595-601), condenando a don Pedro a ser arrastrado polas rúas por un macho ou rocín, a metelo vivo nun río dentro dun fol cun gato, can, galo e serpe, e, despois de morto, a ser esnaquizado e exhibido publicamente; ademais debía volver os bens roubados e quedaba desposuído das súas posesións e señorío. A don Pedro, refuxiado en Portugal, nunca o deron preso, polo que foi declarado en rebeldía.

As cartas ocorren no escenario posterior ao ano 1525, en que, a petición da súa muller Urraca Osorio de Moscoso, o rei lle restituíu os bens. Atópanse no marco dun novo proceso de 1531, en que o parricida prófugo é xulgado polas súas actividades de falsificación de privilexios e outros documentos, en beneficio propio ou doutras ilustres casas nobiliarias galegas; de feito, o desencadeante é o choque entre a ambición do poderoso conde de Altamira e os dereitos do non menos poderoso arcebispo de Santiago, que reclama o amparo real. A través das deposicións das testemuñas pódese seguir puntualmente un complexo e refinado proceso de falsificación, con resultados altamente especializados, capaces de enganar o ollo máis esperto e atento. O resultado deste novo proceso é unha nova sentenza de morte; don Pedro segue protexido en Portugal, pero Diego Gorbálán foi axustizado e morto:

3 O feito desencadeante foi a redacción do testamento de dona Inés o 7/11/1517, en que desherdaba a Pedro e deixaba como herdeira a Francisca Henríquez de Soutomaior, casada con García Sarmiento. O asasinato, brutal, ocorreu pouco despois, o 20/4/1518, un luns de Semana Santa.

porque le avía visto hazer escripturas falsas en Portugal en la casa del Peso, qu'és del prior de Paderne, junto a la raya deste Reyno, enfrente de Morentán, tierra de San Martín [fol. 2v].

oyó allí dezir este testigo a todos los criados de casa del prior de Paderne qu'el dicho don Pedro tenía a la saçón ençerrado en su aposiento un frayle del monesterio de Ganfey, no save de que horden, e qu'el dicho fraile escribía unos privilegios con tintas diversas, que paresçían muy antiguas, e que este testigo preguntó qué privilegios heran [fol. 15r].

me dixo el dicho don Pedro que quería hazer un privilegio falso contra çiertos vasallos suyos, vezinos de la felegresya de San Martín de Verduzido, qu'és en la merindad de Sotomayor, para lo presentar en çierto pleyto que con los dichos vezinos de Verdozido trataba sobre la dehesa e monte del Soydo porque se la llevaban los vasallos por dos sentençias que tenían ya en su favor, una que se diera en este Reyno e otra en la Chançillería de Valladolid, donde pende el dicho pleyto [deposición de Gorbacán, fol. 186r].

A raíz destes acontecementos, a casa de Soutomaioir perdeu o peso que tivera noutras épocas e entrou en decadencia.

As cartas cruzan a conveniente fronteira sobre o Miño. Unha fronteira que comezou a xestarse en 1128 e que respecto da soberanía real se fai definitiva desde a declaración de independencia de Portugal (1139), fugaces episodios á parte; ora ben, non afectou da mesma maneira ao tecido social e cultural nin acabou cos intereses transfronteirizos da igrexa e das casas nobiliarias galegas, con patrimonio dos dous lados. Non hai pontes medievais cruzando o Miño, camiño de Portugal: tódalas pontes próximas á fronteira cruzan afluentes en territorio galego, nunca unen coa outra beira; hai camiños denominados «Tui... Valença», por ex., coma se non houbese un río por medio, pero non hai pontes (Ferreira 1988: 67ss). Cruzábase en barca –polo xeral en pasos regulamentados, con dereito de explotación e portaxe–, polo que o acceso non está ao alcance doado de todos; mesmo así, isto podía supoñer un atranco para o pobo no seu conxunto, pero non para os señores, sexan estes da nobreza civil ou eclesiásticos.

En non poucas ocasións, o Miño revelouse como unha fronteira moi conveniente: ora interesa apoiar os intereses do rei de Portugal, ora os de Castela; ora interesa refuxiarse no norte, ora interesa facelo no sur; ora interesa estar cos partidarios do papa de Roma, ora aliñarse cos do papa de Avignon... A fronteira entre Galicia e Portugal é tamén un lugar de paso para o gando, por onde non

só os señores de Soutomaior traen ou levan os seus fatos. A toponimia do Suído conta, por exemplo, con varios *Coto Miñoto*, en referencia á procedencia dos fatos que seстеaban neles; as referencias históricas son abundantes:

Y antiguamente eran de tanta fama los pastos de este Arciprestazgo [Soutomaior] y el de Montes, especialmente los del Suido, Faro y Montemayor, que del inmediato Reyno de Portugal traian aqui sus ganados á pacer, con la facultad que para ello obtenian de los dueños de la casa de Sotomayor (...), y entre ellos partian los pastos, en gravísimo perjuicio de los vecinos y naturales del pais (Ávila 1852-1854: II, 427).

Vaia esta modesta contribución en homenaxe afectuosa ao amigo e colega, profesor Ivo Castro, amador dos textos antigos –verdadeiros ou, ¿quen o sabe?, tamén falsificados–, que desde a luminosa Lisboa tanto ten contribuído a tender pontes de aprecio, coñecemento e irmandade entre Galicia e Portugal.

1. Edición

Na edición das cartas actuamos seguindo o criterio de reproducir con fidelidade o texto que chegou ata nós, mais procurando adecualo á finalidade da presente contribución, centrada na existencia mesma das cartas e na explicación textual do contido⁴. En concreto, estes foron os criterios seguidos:

- Mantemos a grafía dos textos, mais con incorporación de acentos de acordo coa práctica do galego actual. Ocasionalmente introducimos aquí unha letra mediante [] ou descartamos alí outra mediante (), para deixar constancia da lectura correcta da palabra ou da adecuada concordancia.

- Desenvolvemos as abreviaturas seguindo os criterios usuais nas edicións de textos medievais, mais sen marcalas explicitamente. Segundo a lingua, contexto e situación, unha mesma abreviatura pode desenvolverse de dúas maneiras diferentes; así ocorre con *vosa mercé / vuestra merced*, nas cartas coa abreviatura <vra mçd>, e con *Pero / Pedro*, case sempre como <po> nos textos, mais unha vez como <Pero> (*Pero do Piñero*).

- Non marcamos límites de liña para obter unha visualización máis limpa do texto.

- Interviñemos decididamente na puntuación con vistas a esclarecer a comprensión do texto. As cartas de Nicolao de Ventín presentan serias dificultades nalgúns puntos, debidas á ausencia de puntuación e a unha sintaxe deficiente, e mais

4 Faremos unha edición máis próxima á diplomática no correspondente estudo lingüístico que reclaman as cartas.

tamén a que o sentido depende en alto grao do contexto compartido por Nicolao e don Pedro. A puntuación que propomos corresponde ao traballo de interpretación textual que presentamos nesta contribución.

- Aínda que neste estudo non podemos entrar na análise da presenza do galego nas cartas –o motivo básico que nos levou a ocuparnos delas–, non podíamos obviar de todo este asunto, de modo que acordamos marcar explicitamente con cursiva a parte que corresponde ao galego. A tarefa non é sinxela, pois as cartas presentan un alto grao de hibridación, de salto dunha lingua á outra. Xunto a formas só galegas ou só castelás, hai outras moitas que son comúns e polo tanto atribuíbles a calquera das dúas linguas. Seguindo un criterio que nos pareceu razoable con vistas a dar unha idea aproximada da presenza do galego, incluímos nesta lingua, e polo tanto con cursiva, as formas só galegas e as híbridadas debidas ao galego, e mais tamén as comúns intercaladas entre delas sempre que non se visen interrompidas por un forma exclusivamente castelá. Por suposto, a parte non marcada con cursiva contén formas só castelás, mais tamén unha parte común de imposible atribución, unhas veces con orixe no castelán e outras no galego.

Carta 44

Muy magnífico señor:

En muy grandes merçedes rreçebí aquel vino que vuestra merçed acá *fizo mandar, alende de* otras muy mayores que de vuestra merçed tengo rreçevidas, no mirando a los mis muy pequeños *e* pesados serviçios, porque, señor, aunque la my voluntad *e* deseo sea[n] bueno[s], ya el *corpo non pode* llegar con la deligençia que deve. Sopllico a vuestra merçed no mire la *miña mala deligençia, poys que¹ tempo* lo padeçe.

Eu faley, señor, con los *mays de Verduzido* sobre lo que vuestra merçed sabe. *Bon* deseo *mostran, pero son gente común. Paréçeme, señor, que se visen* vuestra merçed entre sy que qualquier conçierto *farán*. No *lles* mostré nada por el *erro* que dixे a vuestra merçed porque dixese que se mostrase a Miguel *Afonso*, porque bien save vuestra merçed que *eles o ten por cande*a.

Ho memorial vay en esta manera. O sestero viejo de Borrageros a la *Pedra de Juíz e o Canpo da Taboada e o Porto a Prado, o sesteyro de Puxallos e o Porto a Pigarços, e porlo rrío arriva á Carvalla da Cruz. Para vayxo* a los dichos *labradores e aldeas e freygresías, e para çima a vosa merçé, que parte con Melón e con Rivadavia. E os límites de çima son estes: a Carvalla da Cruz, que*

parte tres freyg[ue]sías e tres señoríos: Sotomayor e Santiago e Rivadavia, e as felegresías Verduzido e Santa María de Couso e Santiago d'Antas, que dan as freygresías. Parte con Rivadavia porlo sesteyro d'Estrufe e Outeyro de Mouro e o Porto a Payo d'Orraca e a Pena de Lourenço Fernández e porla Cabeça de Val d'Ovellas e o sesteyro vello da Lágea Urraca, por sobre el, por una pedra furada; aquy queda Rivadavia. E parte con Melón porlo Outeyro de Cornudos e a Boca da Renoba e o marco de Lonbo de Serra, e aquy adiante entran os coutos de Cobelo.

Fernán Garrido de Bustelos, Afonso da Lágea, Juan Alván, Pero do Piñero, Juan da Ribera, Lorenço da Hermyda, Francisco Colaço, Pero Ferreyro, Pero d'Almón, Afonso de Paradela, Martín Garrido o Bello, Martín Garrido o Moço, Juan Garrido, Afonso Garrido, Estebo de Val.

E, señor, os casares non poso saber nen sus nonbres. En lo demays soprico a vuestra merçed me perdone.

Alá envío a vuestra merçed Lorenço Santoron porque me diso Vieyto de Soberal que vuestra merçed lo desexava alá, ájalo vuestra merçed por encomendado. O d'entre mí e os mis veziños Garridos no ouvo mays acavo, alá yrán outros queyxarse; mande vuestra merçed rremediar todo por persona sofiçiente que no dan nada por Vieyto.

No digo más, salvo que quedo rogando a Dios descanse sus travajos y prospere su estado según por vuestra merçed es deseado.

De Verduçido, oy lunes veynte e oyto de henero de quinentos e veynte e siete.

El que más desea vuestro serviçio, Nicolao de Ventín, notario.

Al muy magnífico señor el señor don Pedro de Sotomayor, mi señor no Peso.

Carta 45

Muy magnífico señor:

Despoys de besar las manos de vuestra merçed rreçibí su letra e luego se puso la deligençia que fomos a Terra de Montes e Cotobade e a toda esa terra.

Quien diso a vosa merçed que acá avía tantas landes e ganado non lo savía bien, porque se tal oviera por çerto eu fora darla conta a vuestra merçed; no avía de qué, salvo tres o quatro fatos que estavan en la felegresía de Fornellos, que los portadores dirán a vuestra merçed. Fernand'Álvares e eu fomos a

Cotovade e corremos toda la terra conlo mayordomo; no achamos cosa nenguna, que los correron os da terra, salvo que nos diseron que os de Pedro Vázquez de Puga estoveran en casa de Juan Garçía de Zerag(u)e, mays ja os levaran. Achamos, señor, un fato na Corredoyra, en casa de Garçía do Meyxoeyro que hera de un Juan d'Ogando, sogro de un seu fillo, e mays todos d'alí van de sequeyra sen os gandos onde el vive. No nos paresceu que sería rrazón que rreçebise mal por ser vezino, quanto mays que vosos vasalos o pagaran.

Folguey moyto porque vuestra merçed mandó acá tal persona que lle dirá verdad e será creydo, que me paresçe que vuestra merçed non ten acá en nós moyto esforço. O pan de Terra Montes achego en cal vós como for achegado e os diñeyros. Logo yré a falar con vuestra merçed. Querría, Deus prazendo, para janeyro dar huna miña sobriña a su marido. Está algo fatigado e querría fazer, señor, una boda; para algunas cosas de que tengo nesçesidad, de quanto vino vuestra merçed ten ogaño, fágame merçé de algún pouco.

E as novas d'acá son que Álvaro Núñez nos avisó a Vieyto de Soberal e a mí que o gobernador nos querría agora otra vez arrepiar a carreyra porlo proceso de Ronquillo, que o savía por verdad; pido a vuestra merçed que de sus letrados mande saber se ay alguna cosa porque sejamos avisados.

En lo demays, los portadores le contarán da terra. Pido a vuestra merçed me mande en lo demays de su serviço, poys que save mi deseo.

De Sotomayor, oje lunes a vynte e uno de oytubre, lo que más desea servirle, Nicolao de Ventín.

Al muy magnífico señor, el señor don Pedro de Sotomayor, mi señor.

Carta 50

Vertuoso señor yrmán:

Tanto que'sta virdes darees logo esta carta al señor obispo, e se su señoría non estuviere ay dar-la-es a su provisor, e besarees las manos por mí al señor obispo, e luego mandarés esta otra al señor don Pedro, e no sepa ninguno que yo se la mando, e vaa logo Grabiél e lévella, que no tarde nada, e asy fico rrogando a Noso Señor vos faça quen eu desejo a seu serviço.

Do voso yrmán que vos moyto ama,

Pedro Fiz.

Non sepa njnhuno que yo escribo a don Pedro.

A ho honrrado Bernal Fernández, meu yrmán, canónigo de Tuy.

2. Características, contexto e contido

Como se pode apreciar a través da lectura das cartas, estas son de carácter privado, pragmáticas, breves e desprovistas de ornato retórico. Isto non implica, naturalmente, que os remitentes descoñezan os usos sociais imperantes e as características textuais de epístolas máis formais ou de carácter público; mesmo non se descarta que tivesen acceso a coleccións de textos modélicos que dalgún xeito estean influíndo na estrutura textual e no fomulismo empregado (cf. Martín 2005).

Dentro desa simplicidade e naturalidade dominantes, pescudamos nelas o reflexo da estrutura epistolar máis canónica e os recursos lingüísticos empregados para se referir aos participantes (destinatario e remitente) e outras informacións fundamentais (lugares de orixe e destino, datación). A brevidade e carácter pragmático das misivas, xunto coa necesidade de sixilo, fan que gran parte da información quede implícita; de por parte, a falta de pericia ou o desleixo na redacción, contribúen a unha certa escuridade nalgunhas pasaxes. Foi por iso necesaria a documentación do contexto social e dos feitos relatados, xunto coa interpretación textual con vistas a aclarar o contido.

2.1. Destinatarios

1. O destinatario principal das cartas é don Pedro Álvarez V de Soutomaior (1491-p1556/a1568 [vid. nota 11]), III conde de Camiña e III vizconde de Tui, señor da casa de Soutomaior, Crecente e Fornelos; neto de don Pedro Álvarez IV de Soutomaior, máis coñecido como Pedro Madruga, e de dona Teresa de Tábor; fillo de don Álvaro de Soutomaior (†1495, violentamente) e de dona Inés Henríquez de Monroi, asasinada en 1518 por mandato do fillo. Casou con dona Urraca Osorio de Moscoso, filla do conde de Altamira, e tiveron un fillo (Álvaro, morto adolescente) e tres fillas: Teresa, que herda o título de señora da casa de Soutomaior, Crecente e Fornelos e casa con Fernando de Andrade (acumulan varios títulos nobiliarios); Ana, que casa con Fernando Pérez de Lanzós e Andrade (condes de Maceda e Taboada), e María, señora da casa, vila e xurisdición de Mos, Torroso, Xustáns e Tourón, que casa con Alonso Bernaldo de Quirós e Soutomaior (marqueses de Mos). A casa de Soutomaior, unha das máis poderosas de Galicia durante a baixa Idade Media, exercía o control e poder no SW do reino, sobre todo na diocese de Tui, e tiña títulos, posesións e vasalos no norte de Portugal, ao outro lado do Miño. Téñase presente que o

título de conde de Camiña, do que o noso destinatario é III^o, foi creado polo rei don Afonso V de Portugal a favor do seu avó (1476), como corolario dunha estreita relación que xa viña de lonxe e culminou na participación de Pedro Madruga do lado portugués –a favor de Xoana a Beltranexa– na batalla de Toro. A el van dirixidas as cartas nº 44 e 45.

2. O destinatario da outra carta editada (C50), só unha breve nota, é Bernal Fernández, cóengo de Tui; Ávila (1852-1854: IV, 153) dá noticia de que en 1540 foi nomeado, por breve tempo, provisor e vicario xeral, ao quedar vacante a sede por traslado a León do bispo (Sebastián Ramírez de Fuenleal). O seu irmán, Pedro Fiz, pídelle que sexa cómplice e intermediario, facendo chegar secretamente dúas misivas que acompañan o recado: unha para o bispo de Tui (Diego de Avellanedo), que en ausencia deste debe entregarse ao seu provisor (Alonso de Peñaranda); outra para o señor de Soutomaior.

3. Os destinatarios non son referidos polo seu nome na *salutatio*. Esa información só figura no que entendemos copia do sobrescrito⁵, en dous casos con hibridación lingüística en distintos graos:

Al muy magnífico señor el señor don Pedro de Sotomayor, mi señor no Peso (C44).

Al muy magnífico señor el señor don Pedro de Sotomayor, mi señor (C45).

A ho honrrado Bernal Fernández, meu yrmán, canónigo de Tuy (C50).

Don Pedro é invocado como *Muy magnífico señor* e o cóengo de Tui como *Vertuoso señor yrmán*. Do expediente despréndese que o tratamento «Moi magnífico señor» indica que o remitente se sitúa nunha posición xerárquica inferior (como fan o frade falsificador Francisco de Xadraque; Pedro de Nantes, servidor doutro señor; Diego Gorbálán, que se intitula criado do de Soutomaior, etc.) ou de certa equivalencia (Pedro Bermúdez de Castro, señor de Montaos, respecto do de Soutomaior). O conde de Altamira, cuñado seu, retira o intensificador, *Magnífico señor*, que só reaparece cando escribe, por man allea, para reiterar, suplicante, a remisión urxente duns documentos encargados (carta nº 19, fol. 66); o marqués de Vilafranca, situado nun estamento nobiliario superior, escribe desde Corullón, invocando o *Magnífico señor*, pero a marquesa adopta un simple *Señor*;

5 Como xa se dixo, non se trata das cartas orixinais senón de copia no expediente. O escribán copia o texto da carta, incluíndo a sinatura. A seguir, separadas por unha barra, estas frases que conteñen o nome do destinatario; nunha delas falta indicación de enderezo, por obvia.

iso mesmo fan os esposos entre si, pois dona Urraca chámalle *Señor* e don Pedro *Señora*. Canto á fórmula usada polo cóengo, non aparece nada semellante no resto do expediente; no castelán da época vemos usada a fórmula de salutación «Muy virtuoso señor» entre persoas cultas e de clases elevadas, e sobre todo como tratamento de dignidade ao se referir a terceiros, xeralmente acompañado de títulos (*rey, bachiller, licenciado, gran maestre...*) e/ou nome (CORDE: s.v. *virtuoso señor*).

Ao non se mencionaren os nomes de destinatarios nin de remitentes na *salutatio*, non se presentan problemas sobre a orde, títulos, etc. No corpo da carta, as apelacións ao de Soutomaior son feitas con *señor* e con *vosa merçé* (ou *vuestra merçed*, en todo caso sempre abreviados como <vra mçd>); nas referencias úsanse formas gramaticais de P3 (*fizo, mire, sabe, mostre, desexava...*; *su, sus, seus; lle, le*), só en contadas ocasións co posesivo de P5 (*vosos vasalos*, o protocolario <vro servizo>). Por vez súa, o irmán de Pedro Fiz é tratado de forma diferente, pois este emprega sempre formas de P5 (*virdes, darees...*; *vos; voso*); carece de formas de apelación na breve misiva. Móstrase, por tanto, que na altura o distanciamento é maior co uso de P3 –provocado por frases nominais de respecto– ca con P5 –mantido na segunda persoa, ben que co afastamento do plural⁶.

2.2. Remitentes

1. O remitente das dúas cartas máis longas é Nicolao de Ventín, veciño de Verducido, parroquia do actual concello da Lama, que na primeira se intitula «notario»; o apelido detoponímico suxire, en primeira instancia, unha vinculación coa fregresía de Ventín, hoxe no concello de Fornelos de Montes, limítrofe coa de Verducido, onde reside⁷. Débelle o oficio e cargo de escribán de Soutomaior ao seu señor, que llo quitou a un «Benito Rodrigues porque no hera bien sano» [fol. 227r]; este non debeu cadrar moi conforme coa mudanza, pois nunca accedeu a lle entregar os rexistros anteriores.

Por causa desta estreita relación co señor de Soutomaior, Nicolao de Ventín será chamado a comparecer perante o oidor no preito que se segue contra

6 Confirma esta percepción o feito de que don Pedro se dirixa ao seu vello servidor cun «Honrrado Nicolao de Ventín» e tratamento con *vós* [fol. 154v-155r] (*vid. infra*).

7 Conta con dous lugares, Ventín de Abaixo e Ventín de Arriba. Podería tamén tratarse, menos oportunamente, do actual lugar de Ventín ou do Coto de Ventín, na parroquia de Valeixa (concello da Cañiza).

el (Ourense 1531, fol. 224v-227v), onde declara que «fue escrivano de la dicha Tierra de Sotomayor por don Pedro de Sotomayor antes qu'el dicho don Pedro fuese condenado por la muerte de su madre e no después acá» (ou sexa, antes do 1/6/1518), que «el dicho don Pedro hera su señor e este que declara hera su basallo» e que a relación entre ambos se limitaba a que «este confesante le cogía una renta e le yba pagar e hablar sobre ella e sobre otras cosas», motivo polo cal o visitou tres ou catro veces no Peso e cruzou con el varias cartas; de feito, ao lle mostraren as dúas da nosa edición, reconece a letra e sinatura e confirma que el llas enviou a don Pedro. Nótese que hai unha evidente contradición entre as datas en que admite ser escribán de Soutomaioir e o título de «notario» exhibido, interesadamente, en C44. Aínda que afasta de si calquera participación na morte da condesa de Camiña, consente en que «aconpañó con otros syete o ocho vasallos del dicho don Pedro al mesmo don Pedro quando se pasó a Portugal huyendo sobre la dicha muerte e que por esta cabsa este confesante andubo algún tienpo alçado de su casa e sabe que en su ausencia el dicho alcalde Ronquillo le llevó mill e quinientos maravedís de costas».

O conde teno por persoa honrada, dilixente e da súa plena confianza, á que se lle poden encomendar algúns traballos «delicados», como fornecer as demarcacións das terras do seu dominio, real ou cobizado, ou facer exploracións interesadas polos dominios limítrofes (como proba a correspondencia que editamos). Se facemos caso das testemuñas, Nicolao de Ventín non só facilita os datos, pois asiste en vivo a un acto de falsificación do privilexio que permite a don Pedro anexionar aos seus dominios as terras apetecidas [fol. 12v]. Na altura da redacción das nosas cartas vai xa entrado en anos, polo que, aínda que a súa «voluntad e deseo sea bueno, ya el corpo non pode llegar con la deligençia que deve». Proba de que era un seu home de confianza é que don Pedro o chama onda si, ao Peso, ao se ver en situación comprometida [fol. 154v-155r, vid. infra]. De resultas da participación probada na actividade falsificatoria, o 6 de setembro de 1531 é mandado preso ao cárcere real.

2. O outro correspondente é Pedro Fiz (ou Pero, ou Fiis). Na relación da correspondencia atopada na arca de don Pedro menciónase «Una carta de Pedro Fiis para el dicho don Pedro» [fol. 48v], que fará a número cincuenta do expediente; en realidade é a breve nota editada por nós, en que un Pedro Fiz lle pide ao seu irmán, Bernal Fernández, que faga chegar senllas cartas ao señor de Soutomaioir

e ao bispo de Tui. Rodríguez/Vázquez (2002: 240n) atribúen ao mesmo Pedro Fiz a carta nº 52, procuradamente sen autoría nin subscrición autógrafa («El criado de vuestra merçed que sus pies y manos besa mill vezes. El mismo»), e á mantenta sen mención expresa do destinatario, nin na salutación nin no enderezo («El sobre escripto de la qual dicha carta dize: a mi señor. Y no dize más para quien»), polo que podemos supoñer que esta foi a misiva mandada a don Pedro coa mediación do cóengo tudense [fol. 93v]. Diríxese a don Pedro como «señor» y «mi señor» e, na despedida, declárase «criado de vuestra merced»; exprésase como alguén que ten cultura, hábito de expresión escrita e, desde logo, autoridade para tomar decisións económicas e executivas en asuntos de don Pedro.

No expediente do preito non hai outras mencións a un Pedro Fiz, nin entre as cartas nin entre os declarantes; si a un Pero ou Pedro Fernández (de Marçoa), veciño da vila de Cangas, que na altura da súa declaración (Trasariz 1531) ten uns cincuenta anos e leva seis ou sete morando en Portugal, onde é notario apostólico do prior de Paderne⁸. Vasco de Puga, xenro do prior, na súa deposición refírese a este Pero Fernández como «criado» do prior [fol. 15r]. A coincidencia co apelido patronímico de Bernal Fernández, irmán de Pero Fiz, pode ser casual, pero sen dúbida é significativa; ao se tratar dunha comunicación entre irmáns, é comprensible que o remitente usase só o nome (nunha cadea que podería ser familiar, *Pedro Fiz*) e omitise o apelido. En todo caso, entre as persoas chamadas a declarar sobre as actividades delictivas do de Soutomaior este é o único *Pedro ~ Pero* que é posible vincular coas mencionadas cartas; estas delatan unha relación de complicidade que non podía ser pasada por alto, como non o foi a doutros correspondentes, que ou viviron prófugos ou acabaron comparecendo perante o xuíz. Se a identificación fose correcta, estaríamos falando da testemuña que fai a deposición máis rica e completa sobre a arte falsificatoria do señor conde.

8 Ao parecer, a estada foi moito máis prolongada. En documentos de principios do século XVII, un Pedro Fernandes de Marçoa e a súa muller Guiomar Rodrigues de Mugueimes figuran como arrendatarios da Quintã de Pontiselas, propiedade do mosteiro de Paderne, «en tempos remotos» e en todo caso anteriores a mediados do século XVI. Viviron nela ata a vellez e tiveron descendencia, que permaneceu na contorna. A familia dela (Mugueimes e Faxardo) pertence á pequena nobreza galega que pasou a residir no norte de Portugal, amparada e recompensada por Afonso V, tras apoiar á Beltranexa; el é «da Casa de Marçoa em Galiza» (Silva 1983: 7, 13, 20). O prior de Paderne é tamén da familia Mugueimes (vid. nota 10).

2.3. Lugares e conduto

1. Nicolao de Ventín escribelle desde os dominios de Soutomaior e dirixe as súas misivas ao Peso (na freguesía de Paderne, concello de Melgaço)⁹, onde o seu señor se atopaba refuxiado. Na fronteira da Casa do Peso campa o brasón acuartelado dos Sousa, Castro, Sarmento e Soutomaior, catro familias de avoengo que testemuñan así o seu carácter transfronteirizo; sabemos polo preito que, xa antes dos feitos e como logo veremos, don Pedro pasaba tempadas nesa Casa acollido polo prior de Paderne, Estevo de Mugeimes¹⁰. O prior é sogro de Antonio de Castro, da poderosa familia de orixe galega que por moitos anos detén, entre outros, o cargo de alcaide mor da vila de Melgaço. Un Antonio de Castro desta liñaxe, nacido en 1530, comprará ao conde de Altamira a quintá do Peso (Monteiro 1988: 181); polo tanto, daquela era aínda propiedade familiar de dona Urraca Osorio de Moscoso, esposa de don Pedro. Nese acomodo social e patrimonial miñoto pasou o resto dos seus días o parricida prófugo; disque, ao ver próxima a fin, cruzou o río para non morrer coma un proscrito, mais isto parece formar parte da lenda¹¹.

Desde a outra beira do Miño, don Pedro controla por correspondencia os asuntos familiares, as relacións persoais, os intereses nos seus dominios, o patrimonio mobile e inmobile, o curso dos procesos e a distribución de falsificacións. Son servidores seus e de toda confianza os *portadores* que, por medios e condutos regulares e preestablecidos, fan circular as misivas entre tódalas partes implicadas e, ademais, levan a restante información non reservada e por iso non contida nelas. Nicolao de Ventín alude a que «los portadores le contarán da terra», polo que non precisa estenderse máis; tamén don Pedro aforra en palabras, ao chamar para que vaia ao Peso, «porqu'el portador es tal, no digo más de a el me remitir» [fol. 115r].

9 O lugar é hoxe coñecido polo seu parque termal. A Casa do Peso pertenceu aos Vizcondes do Peso de Melgaço, antigos administradores do Morgado do Peso, señores da Honra de Remoães (na freguesía do mesmo nome, xa «honra» en data das Inquisicións de D. Dinís), e señores donatarios da vila de S. Tomé de Parderrubias, no bispado de Tui (Monteiro 1988).

10 Polo apelido detopónimo relaciónase con Mugeimes, lugar da parroquia de Muíños, no concello homónimo, fronteirizo coas terras de Pitões das Júnias e de Tourém (para os galegos, Turei), distrito de Montalegre. Sobre San Paio de Paderne, por varias mandas testamentarias, ten dominio a catedral e bispo de Tui (Costa 1706: 339); a «quintá do Peso, na juradía da Várzea» (Monteiro 1988: 181) pertence ao mosteiro de Paderne (Costa, ib.).

11 Non atopamos noticias certas sobre a suposta morte, xa vello, en Baiona. Ávila dinos que «seguiu ausente en Portugal en el año de 1549, y es regular muriese allí sin volver en público a Galicia por tener aquí contra sí dos sentencias de muerte por sus crímenes, y aún vivía en octubre de 1556: pero su muger Doña Urraca de Moscoso se hallaba ya en estado de viuda en enero de 1568, y vivía en la villa de Redondela» (1852-1854: II, 246).

2. Pedro Fiz, en cambio, non está en Soutomaior. Levou consigo os ducados cobrados a un rendeiro chamado Cerviño («Yo truxe siete ducados que...», fol. 93v), que aparece noutros lugares da documentación indo pagar ao propio castelo [fol. 79r], e vai escribir a Bieito de Sobral, que segue na terra, para que lle envíe máis diñeiro. Tampouco está onda don Pedro na contorna de Paderne, pois se así fose non precisaría da intermediación do irmán: un ou outro está deslocalado. Da segunda carta da súa autoría (C52) colíxese que se prepara para partir, probablemente cara ás terras de Lestrove ou á propia vila de Santiago («luego me parto y trayo a Pedro Vermúdez¹² [de Castro] para que la cosa vaya por sus términos», fol. 93v). A carta ao cóengo sería entregada en man en Tui; o destino das outras non podería estar moi lonxe desta vila.

Non sabemos por que medio privado e secreto fai chegar Pedro Fiz as súas cartas a mans do irmán, cóengo en Tui. Na misiva pídelles que «vaa logo Grabiell» levárllelas aos seus destinatarios; sabemos pola carta entregada que «este criado del señor canónigo», por este e outros servizos no asunto, recibiu do remitente «tres ducados para un sayo» e merece que o conde lle dea as «albriñas» (albizaras) e algo máis.

2.4. Datas

Nicolao de Ventín data C44 con todo tipo de detalles, consonte a importancia do «memorial» que transmite: «oy lunes veynte e oyto de henero de / quinentos e veynte e siete»; polo mesmo motivo, tamén se preocupa de consignar o cargo de «notario» a carón do seu nome, a pesar de que non ocupa ese posto desde 1518. En cambio, en C45, onde dá noticia de certas xestións que lle foron encomendadas, omite o ano: «De Sotomayor, oje lunes a vynte e uno de oytubre».

Unha coincidencia temática en ámbalas cartas levounos a considerar que C44 e C45 puidesen estar ordenadas no expediente en orde contraria á cronolóxica, co que a segunda sería en realidade de 1526. En C45, datada no mes de outubro, Nicolao de Ventín solicita viño para a voda dunha sobriña que vai celebrar en xaneiro; en C44, redactada en xaneiro, comeza a misiva agradecendo o viño recibido. Ora ben, tendo en conta as indicacións precisas de día da semana e día

12 Pedro Bermúdez de Castro, señor de Lestrove, é amigo da parella formada por dona Urraca e don Pedro e, sobre todo, esixente «seareiro» do obradoiro de falsificación. Aparece reiteradamente citado no expediente e recibe con frecuencia, en Lestrove, recados e visitas persoais de servidores do de Soutomaior.

do mes, temos que concluír que, salvo lapsus de Nicolao de Ventín, as dúas son de 1527. Trátase, pois, de viños diferentes: o señor teno agasallado con viño e agora pídelle un pouco máis da nova colleita con ocasión da voda da sobriña.

Pedro Fiz non data a súa nota. Como xa se dixo, manda unha carta para o bispo de Tui indicando que, de estar ausente, se entregue ao seu provisor; sobreenténdese que o remitente conta con que o bispo estea na vila de Tui ou, cando menos, na diocese. Dado que don Diego de Avellaneda (bispo de Tui entre 1526 e 1537) só se trasladou de Navarra a estas terras en 1528¹³ e foi nomeado Presidente da Chancelería de Granada en 1530, polo que axiña se trasladou a esta cidade, sen volver máis a Tui, podemos establecer estas datas como *terminus post e ante quem*.

2.5. Contido

Sexa de forma intencionada, polo segredo debido, sexa por falta de pericia do correspondente ou por xogar con implícitos, as cartas de Nicolao de Ventín son confusas e non sempre é doado ou posible discernir o seu contido.

Carta 44

Despois da breve salutación, Nicolao de Ventín mostra o agradecemento polas mercés recibidas, e de maneira particular polo envío de viño. Semella que esta era una distinción especial, tanto polo valor intrínseco do agasallo –anual, a teor das cartas– coma por mostrar unha estreita relación persoal entre os dous correspondentes; de feito, o asunto do *viño*, real ou finxido, formará parte do interrogatorio [fol. 226v]. Nicolao escúsase porque o estado físico, a causa da idade, xa non lle permite cumprir co señor segundo o acostumado e os merecementos deste. A continuación pasa a dar conta das xestións feitas para cumprir coa encomenda do señor.

A primeira parte da encarga, confirmada pola resposta, era pulsar a disposición dos veciños de Verducido para chegaren a algún tipo de concerto, no preito que traían con don Pedro sobre o monte Suído diante da Chancelería de

13 Segundo Ávila (1852-1854: IV, 140-147) «es constante su presencia personal en 28 de Mayo de 1528». No mesmo lugar hai datos documentados da súa presenza continuada na diocese a partir desa data, sexa na vila de Tui sexa en visita pastoral do seu bispado. O traslado a Granada debeuse de producir nos primeiros meses de 1530, pois, segue Ávila, «le acompañó en el viaje el D^o Dⁿ Antonio de Cascante Canónigo de Tuy, a quien por esta ausencia no le daban la parte de trigo correspondiente como a los demás canónigos en aquel año, y lo litigó por haberlo ganado en servicio del Obispo, acompañándole hasta el Reyno de Granada».

Valladolid [fol. 225v]. Semella que os labradores son reticentes, polo que suxire a presenza directa do señor. Tamén explica a súa cautela non mostrándolles nada, porque a persoa que segundo as instrucións podería actuar como intermediario é un personaxe a quen os veciños «ten por candeas» (isto é, ‘por malo, ruín’).

Non habendo posibilidade de acordo, Nicolao debía enviarlle os límites e demarcacións da freguesía de Verducido e dunha partición do monte que se fixera entre os veciños e Pedro Álvarez de Soutomaioir (Pedro Madruga, o avó, que quería meter gando de Portugal no Suído)¹⁴, xunto cos nomes dos «vezinos que avían sydo en ello, porqu’este que declara [Nicolao de Ventín] tenía la dicha partición» [fol. 225v]. Por iso a parte máis importante da misiva é o «memorial», isto é, a relación dos límites en que pode exercer o seu dereito o señor de Soutomaioir, seguindo unha real ou presunta copia dun documento antigo, que só o *notario* ten no seu poder e que na oficina do Peso será convenientemente trasladada a un pergamiño «que hera como viejo» [fol. 12v]. O memorial vai seguindo a localización e límites dos *sesteiros* no Suído, coas freguesías comprendidas, fronte ás xurisdicións limítrofes (Santiago e Ribadavia), marcando de maneira especial a estrema coas terras de Ribadavia e Melón, e fronte ao territorio en que exercen o seu dereito os veciños. Nicolao declárase incapaz de relacionar os casares, pois «non poso saber nen seus nonbres».

Guiándonos de novo pola deposición de Nicolao [fol. 226r], o límite establecido en «O seestero viejo... e con Ribadavia» é presuntamente aquel por onde se partiu e marcou o monte en tempos de Pedro Madruga, tralo acordo entre os veciños de Verducido e o meiriño Pedro de Alemparte. O que segue, «e os límites de çima... os coutos de Cobelo», son os límites da freguesía e xurisdición de Verducido. Atrás deles vén a relación nominal dos labradores que acompañaron o meiriño na demarcación do monte entre os moradores e o señor de Soutomaioir. A localización actual de todos estes topónimos non é doada, en parte porque non

14 A disputa polos límites orientais non afecta só ás relacións cos moradores e explotadores destes territorios –como consta en C44–, senón que está na cerna do vello contencioso entre as liñaxes dos Sarmiento e dos Soutomaioir. A relación nada amistosa entre as dúas familias está marcada por actos de extrema violencia, de protagonismo alternante, que alcanzan o cume na segunda metade do século xv (Vila 2010: 195ss; Barros 1991 e 1996). Doutra banda, o asunto do gando portugués no Suído é un dato máis da permeabilidade da fronteira entre Galicia e Portugal: «Otro reñido pleyto movieron al Dⁿ Pedro de Sotomayor y D^a Urraca de Moscoso su muger los vecinos de Sⁿ Martin de Berducido y S^{ta} Maria de Campo sobre los montes del Suído diciendo q^e los expresados montes, el del Faro y el monte Mayor los venían ocupar y partir los habitantes de diferentes lugares del reyno de Portugal q^e pastan en ellos sus ganados, lo q^e ejecutaban con consentimiento de algunos caballeros q^e tenían jurisdición en las citadas parroquias» (Ávila 1852-1854: II, 246).

todos figuran nas fontes actuais de que dispomos, en parte porque non sempre se dá coincidencia total entre os topónimos antigos e os modernos. No mapa só constan os que, con maior ou menor certeza, demos identificado¹⁵.

1. O trazado parte do sesteiro vello de *Borrageros* [1], que podemos identificar con Borraxeiros ou coa Chan de Borraxeiros, orónimos; o conxunto dos límites «para vayxo» lévanos a aceptar que se trata do primeiro, unha encosta situada no sur da parroquia da Laxe (Fornelos de Montes)¹⁶. Preto de alí estaría a *Pedra de Juíz*. Seguindo cara ao norte, sobre As Taboadas (802m), atopamos o Campo de Arriba (812m), que podería ser o *Campo da Taboada* [2] mencionado; logo, na mesma liña cara ao norte, *Porto a Prado* (922m) [3], e un pouco máis alá Coto de Puxallos (1002m), onde localizamos o *sesteiro de Puxallos* [4]. E, a seguir, *Porto a Pigarços* (765m) [5], que rodea o río Xesta preto das súas fontes; o seu curso, en dirección norte, é o aludido na frase *e porlo rriío arriba* [6]. E de alí ata a *Carvalla da Cruz* [7], no alto do Suído, que fai de marco entre as parroquias de Seixido e Xesta (no W, concello da Lama, PO), e Couso (no E, concello de Avión, OU). Desa liña para abaixo, é dicir, para o oeste, correspóndelles o dereito de pasto aos veciños; para arriba, ata os cumes do Suído, onde limita cos dereitos xurisdicionais de Ribadavia e Melón, a don Pedro.

2. O límite «de çima», respecto de Ribadavia, vén marcado pola xa citada *Carvalla da Cruz* [7]; de alí, seguindo a liña da serra en dirección sur, ao *sesteiro de Estrufe* (957m) [8], que aínda hoxe marca o límite entre as dúas provincias; logo menciónana o *Outeyro do Mouro*, que non puidemos identificar, pero acaso sexa o actual Sesteiro de Mouros (1015m) [9], situado en dirección sur na mesma divisoria; logo, na mesma liña e no límite leste, aínda con Ribadavia, están o *Porto a Payo de Orraca*, a *Pena de Lourenço Fernández*, a *Cabeça de Val d'Ovellas*¹⁷ e o sesteiro vello da *Lágea Urraca*, que non demos localizado.

15 Os números que acompañan os topónimos fan referencia á localización no mapa. Entre as fontes modernas, foron fundamentais o mapa 1:25.000 do Instituto Geográfico Nacional e as bases e cartografía do SITGA (<http://toponimia.xunta.es/Buscador>); neles figuran algúns destes topónimos con formas que consideramos deturpadas, polo que decidimos citalos restaurando a forma primitiva; así, *Sesteiros* (e non *Xesteiros*), *Porto a Prado* (e non *Porta do Prado*), etc.

16 A Chan de Borraxeiros (968m), con mámoa, no límite entre as parroquias da Laxe e A Graña, forma parte da serie de cumes que van marcando o límite co concello de Covelo, ao sur. Ese é o límite «de çima», que veremos a seguir.

17 Nesa dirección N-S, preto da Chan do Valdohome e do Porto de Valdohome, ambos formados sobre un hidrónimo que parece opoñente de *Val d'Ovellas*, atópanse diversos orónimos que integran a palabra *Pena* (Debaixo da Pena, Chan da Pena, Pena de Rairiz...).

A partir deste punto, o límite desvíase en dirección SW, seguindo a estribación da serra cara ao Monte Maior: ao norte as terras de Soutomaior e ao sur as que están baixo a xurisdición de Melón. Ten como marcos o *Outeyro de Cornudos* [10], hoxe Cotos Cornudos (1039m, o máis alto); seguen a *Boca da Renoba* [11], consignado nos mapas modernos como Boca Arnoia (962m), e o *Lonbo da Serra* (981m) [12], que coa Chan de Borraxeiros e outros forman a liña de cumes que, hoxe coma outrora, marcan o límite xurisdicional. A serie remata coa alusión aos *coutos do Cabelo*, fóra por completo do alcance do señor de Soutomaior.

A alusión a tres freguesías (Antas, Verducido e Couso) e a tres señoríos (Santiago, Soutomaior e Ribadavia) esixe unha explicación adicional. Como consecuencia da reforma parroquial realizada polo bispo Domingo Fernández Angulo (1785-86), Seixido independizouse da freguesía de Antas, do mesmo xeito que A Xesta e A Laxe o fixeron da de Verducido (Ávila 1852-1854: II, 435); así pois, na altura das nosas cartas tanto Antas coma Verducido chegaban ata os cumes do Suído e alí estremaban con Baíste, Couso e Abelenda, de modo que a Carballa da Cruz servía entón de marco, efectivamente, entre Antas, Verducido e Couso. Doutra parte, canto aos señoríos, Seixido aínda consta no século XVIII como parte da xurisdición de Caldebergazo, provincia de Santiago, baixo a xurisdición ordinaria do arcebispo de Santiago (Río Barja 1990: 30-31); Verducido pertencía ao señorío de Soutomaior, ao que servía de límite no cadrante NE; Couso, coma as terras de Avión, facía parte do señorío de Ribadavia desde fins do século XIV, onde estaba baixo a xurisdición compartida do mosteiro de Melón e o conde de Ribadavia (Río Barja 1990: 177).

A referencia a que o límite sur parte con Melón débese aos dereitos do mosteiro de Melón sobre estas terras. Antigamente era a parroquia de Fofe, da xurisdición de Achas; hoxe son as parroquias da Graña e Fofe, do concello de Covelo, que tamén integra os coutos mencionados. Tomando de novo o testemuño de Ávila (1852-1854: II, 397), «Hállase en este Arciprestazgo [Montes] el valle de Tielas, muy nombrado en escrituras antiguas, especialmente del Monasterio de Melón y casa de Sotomayor, que se compone de las parroquias de S^{ta} María de Campo, Sⁿ Salvador de Prado de la Bugariña, Sⁿ Bernabé de la Graña, Sⁿ Miguel de Fofe y S^{ta} María de Godones».

3. Finalmente, no texto mesmo a seguir e sen marca de separación co anterior, vén a relación de veciños que serviron de testemuñas na marcación feita polo meiriño de Pedro Madruga. Nas cadeas onomásticas, os topónimos relacionan

algúns deles con lugares dentro dos límites antigos de Verducido ou das parroquias fronteirizas (Bustelos [freg. As Estacas] e A Laxa [*Lágea*], en Fornelos de Montes; O Piñeiro [*O Piñero*], en Covelo). Salienta a presenza de varios membros da familia Garrido, de Verducido, que por outro motivo volve mencionar na última parte da carta.

No xuízo, Nicolao de Ventín asegura non saber para que lle foron pedidos eses datos e mente ao negar que teña coñecemento de que con eles se fixera algunha escritura. Outras testemuñas ofrecen información complementaria verbo do interese que o de Soutomaior podía ter nesta relación e sobre o rol de Nicolao de Ventín nas actividades falsificadorias. Así, segundo consta na declaración de Diego de Gorbacán, criado e home de confianza de don Pedro, este precisaba datos concretos con que proceder á falsificación dun privilexio que lle permitiría confirmar o seu dominio sobre certos territorios. Tamén Pedro Fernández de Marçoa confirma a intervención directa de Nicolao e as súas «informacións» na falsificación do privilexio que determina os límites e dereitos señoriais de Pedro Álvarez; con esta finalidade, é fundamental a relación comprobable de testemuñas:

e desde llegamos al dicho lugar del Peso el dicho don Pedro me dixo que quería poner en aquel prebilegio de más de la dicha dehesa e monte del Soydo, las flegresyas de San Martín de Berdozido e San Fiz de Forçaas e San Lorenzo de Fornelos¹⁸ e más las felegresyas del valle de Tebra (...), e por esto creo que escribió a uno que se dize Nicolao de Bentín, vezino del lugar de Berducido, qu'ès en la dicha merindad, que le enbiase los límites de la dicha dehesa e feligresyas e creo qu'el dicho Nicolao de Bentín se las enbió o traxo e se las dio [fol. 187r].


E dende a çiertos días, vio este testigo, entrando en la dicha casa do ellos estaban, qu'el dicho fraile estava escribiendo en un pergamino sobre la dicha mesa, que sería tan grande como un pliego de papel, poco más o menos, el qual pergamino hera como viejo, e el dicho don Pedro le dezía lo que escribir, leyéndole por un papel. E a lo que se acuerda este testigo escribían e nonbravan çiertas felegresías de tierra de Montes e de las Fragas e de Soydo (...), las cuales demarcaciones truxer'allí a la sazón un Nicolao de Bentín, notario que dezían que hera de Sotomayor, el qual dicho Nicolao de Bentín estava a la sazón allí presente [fol. 12v].

Na derradeira parte da misiva comunica o envío de Lourenço Santoron, ao parecer un criado, reclamado por don Pedro; solicita axuda señorial contra os seus veciños Garridos (enemigos seus porque, ao parecer, lle tomaran «çierta

18 Son tres parroquias limítrofes entre si, Verducido (A Lama), Forzáns (Ponte Caldelas) e Fornelos de Montes (do concello do mesmo nome), no límite norte do señorío de Soutomaior. Do outro lado, as terras de Caldebergazo e Cotobade, de Santiago.

hazienda» [fol. 226v)]¹⁹, ao tempo que se queixa da falta de autoridade de Bieito, o meiriño, incapaz de resolver o conflito.

Despídese cos bos desexos acostumbrados e o renovado desexo de servilo, data a carta e asina.



LOCALIZACIÓN DOS LÍMITES, SEGUNDO O MEMORIAL DE NICOLAO DE VENTÍN

19 O conflito entre os Garrido e os partidarios de don Pedro non é novo. Domingos Troiteiro, sicario de don Pedro e condenado pola participación activa na morte da condessa, confesa que matou dunha lanzada a Martín Garrido porque «los Garridos le habían hecho ciertas ynurias e que el dicho don Pedro le diera mandamiento a este confesante para que lo aprendiese» [fol. 180v]; no incidente parece que ou quedaron maltreitos ou morreron tamén os irmáns. Os Garridos de Verducido debían ser unha familia principal; pódese ver unha relación dos seus insignes descendentes en Ávila (1852-1854: II, 437). Como curiosidade engadiremos que a un deles, Francisco Garrido de la Vega, bispo de Córdoba, dedicou o cura de Fruime o poema que comeza coa copla popular «Berdusido, Berdusido, / con todos teus arredores, / non te chames Berdusido, / chámate xardín de frores» (c.1772-1776).

Carta 45

Despois da breve salutación, alude a un encontro presencial co señor, tralo cal recibiría axiña unha carta con instrucións. As xestións encomendadas debían facerse ao norte dos dominios de Soutomaior, por Cotobade e Terra de Montes, na diocese de Santiago. Parecen responder a unha misiva que, cun texto practicamente idéntico, o señor manda por separado a Bieito de Sobral e a Nicolao de Ventín [fol. 154v-155r]:

Honrrado Nicolao de Ventín.

Porque yo tengo nescesidad de Gorvalán por quatro o çinco días, acordé de mandar allá a Fernand'Alvares²⁰ por ser persona de recaudo para ello; cunple luego que os junteys con él y hagais venir delante del los fiadores que quedaron por las vacas çiertas y para las ynçiertas él lleva el memorial de lo que ha de hazer, en esto poned la deligençia que yo espero de vós y tanta priesa quanta se puede dar. Y esto hecho vendreys acá vós y Vieyto porque he de hablar con vós sobre mi perdón y porqu'el portador es tal no digo más de a él me remitir. Nuestro Señor os guarde. Don Pedro.

A inspección ocular no territorio veciño non dá os resultados apetecidos, pois Nicolao de Ventín desmente que se trate dunha terra rica en landras e en gando. Atopa só tres ou catro fatos de vacas, que por acaso son da freguesía de Fornelos, ou sexa, de vasalos de Soutomaior. Tampouco atopan gando nas terras de Cotobade, pois ao parecer xa levaron os rabaños para outros pastos, tanto os da terra coma os do ourensán Pedro Vázquez de Puga²¹. Estiveran estes en Ceraxe (freg. Aguasantas) na casa de *Juan García de Zerague*, devanceiro de frei Martín Sarmiento²². Pertenceu por matrimonio a Constanza de Soutomaior, filla pequena de Pedro Madruga e, probablemente, nai deste Xoán García (Crespo 1972: 344; Picallo 2007a e 2007b). Só dan cun fato alleo de *Juan d'Ogando* apositado nunha casa do Meixoeiro

20 O portador e home de confianza, Fernand'Alvares, clérigo de Paderne, é unha das falsas testemuñas que asinan a falsificación do testamento de Inés Henríquez de Monroi [fol. 190v]. Por iso é unha das persoas que acompañan a don Pedro diante da Chancelería de Valladolid [fol. 196r].

21 Débese referir a Pedro Vázquez de Puga o Mozo, señor de Prado e Louredo, rexedor de Ribadavia e alcaide do castelo de Roucos. Está enterrado, con estatua xacente de cabaleiro, en San Domingos de Ribadavia.

22 «SERAJE, ò Seràge o Seráje. Es un Lugar que esta al Oriente de la Yglesia de Nuestra Señora de *Aguas Santas*, rio arriba; y es un Lugar que confina al oriente con San Andres de *Balongo*. En ese Lugar de *Serage*, estaba el antiquissimo *Solar* de los *Garcias de Seráge*; (...) y en donde han nazido mis *Abuelos Paternos*. Subsiste el dicho Lugar, pero la Casa solar se arruinò, como otras muchas antiguas. | El año de 1601 aun subsistia la dicha Casa, y con su singular Escudo de *Armas*» (Sarmiento 1999: 85). Inaugúrase con este Juan García da nosa carta a serie de *Juan García*, o nome que figura no escudo (debuxo de Sarmiento, *ib.*: 86).

(freg. de Corredoira, concello Cotobade), porque nese lugar, a diferenza dos demais, o gando non se traslada para os pastos dos sequeiros; segundo o P. Crespo (1957-1965: s. v. Ogando), a casa soarega dos Ogando está en Millarada (Forcarei), na Terra de Montes, ao NE do lugar onde se acolleu o seu fato.

Promete poñerlle na casa o pan de Terra de Montes así como chegue, cos diñeiros. Nos anos 1525-27 produciuse unha grave crise de subsistencia, como consecuencia do brote de peste dos anos 1523-25, que por ser de procedencia portuguesa afectou grandemente as terras do sur de Galicia (Fernández 2000: 172); para paliar a carestía, houbo que importar gran foráneo, así que non é de estrañar que o de Soutomaior procure facerse con *pan* (enténdase 'gran [de centeo]'), lícita ou ilícitamente, fóra dos seus dominios. A referencia aos *diñeyros* é máis escura; podería tratarse dalgún dereito antigo, quizais consecuencia do paso de Pedro Madruga pola Torre de Castro de Montes (San Miguel de Presqueiras, Forcarei), centro xeográfico e na altura centro político da Terra de Montes²³.

Anuncia unha visita, suponse que no Peso, e sen solución de continuidade pasa a pedir a mercé de viño para a voda dunha sobriña. Comunícalle que recibiron o sopro de que o gobernador os vai chamar de novo a el e a Bieito de Sobral polo proceso de Ronquillo, instrutor no xuízo pola morte da condesa; pide instrucións e asesoramento letrado. Remítese ás informacións complementarias dos portadores, ponse ao seu servizo, data a carta e asina.

Non se descarta que algunhas informacións aparentemente cotiás, coma as alusións ao pan e ao viño, sexan referencias en clave.

Carta 50

O remitente saúda o irmán e encárgalle o traslado de dúas cartas. Unha para o bispo (Diego de Avellaneda) ou, non estando este na vila, para o seu provisor (Alonso de Peñaranda; Ávila 1852-1854: iv, 138). Outra para don Pedro. Encarga que se leve axiña en man e pide segredo. Expresa os seus desexos e afecto, despídese e asina. No PS reitera a necesidade do maior segredo.

23 A torre-fortaleza foi derrocada nas guerras irmandiñas. Máis tade, a alianza entre o arcebispo Alonso Fonseca e Pedro Álvarez IV de Soutomaior (1469) permítelle ao primeiro recuperar as posesións e iniciar a reconstrución. Na altura de 1473 ou 1474, Pedro Madruga, axudado polo rei portugués Afonso V, apoderouse das vilas e territorios do sur do territorio de Santiago para «cobrar un juro de 150.000 mrs, que al Conde había concedido sobre estas villas el rey Enrique IV». As cousas comezan a torcérselle ao conde de Camiña cando se retira da loita o rei de Portugal (1476); pouco despois Pedro Álvarez está preso e Fonseca recupera os seus dominios (Rodríguez 1971: 355).

3. Cabo

As cartas que damos a coñecer son unha achega modesta, pero de interese, ao fraco inventario de textos escritos en galego do século XVI. Por unha banda a presenza do galego nelas é só parcial, pois vai facéndose oco en alternancia co castelán, mais pola outra cómpre valorar o feito de que este asomo do galego á escrita ocorre nun tipo de textos, a carta, do que temos escasas mostras. É xustamente esta circunstancia de seren textos persoais, carentes da oficialidade dun documento notarial, a que explica a aparición do galego en loita co castelán: a lingua do día a día, da comunicación interpersoal, fronte á lingua xa establecida e formalizada como medio de comunicación escrita.

As cartas son tamén valiosas porque forman parte dun episodio importante que exemplifica as prácticas da nobreza da época, cal era a falsificación documental para se facer con bens alleos; un episodio en que se ve envolta a familia Soutomaior, unha das de máis relevo do ámbito galego, tamén con posesións e vasalos no norte de Portugal, ao outro lado do Miño, a onde viaxaron algunhas destas cartas e onde o titular Pedro Álvarez V de Soutomaior atopou acubillo e refuxio.

Así como a misiva de Pedro Fiz (C50) é unha sinxela nota de petición de entrega secreta das dúas cartas que acompañan a misiva, as dúas cartas de Nicolao de Ventín (C44 e C45) fan referencia a contidos importantes para as ansias de apropiación de don Pedro de Soutomaior, particularmente en relación aos límites do seu señorío e aos dereitos de pasto para o seu gando e/ou dos seus protexidos. Nestes e noutros aspectos, as cartas son de sentido nada doado de comprender sen a axuda dunha análise textual do contexto en que se producen. Foi de grande axuda nesta pesquisa o feito de que formen parte do proceso xudicial incoado en 1531 contra as malas artes de don Pedro, e que polo tanto puideramos contar cos testemuños dos implicados. Neste necesario proceso de esclarecemento, o noso labor centrouse nos aspectos formais, propios do formulismo do xénero epistolar, e en dar conta de a quen se dirixen as cartas e por quen (destinatarios e remitentes), desde onde e a onde se dirixen e cando (lugares, datas), e, particularmente, en como debe entenderse o seu contido. Para isto, foi preciso non só realizar unha edición diplomática previa senón tamén o estudo lingüístico pormenorizado, que non podemos ofrecer nesta ocasión; consonte aos obxectivos actuais, optamos por una edición que, sen perder rigor, fose máis interpretativa.

En C44, Nicolao de Ventín informa ao seu señor don Pedro Álvarez V de Soutomaior da dificultade de chegar a acordo cos veciños de Verducido no preito

que traía con eles sobre a pertenza dos montes do Suído. Como alternativa, debía informalo dos límites e demarcacións da freguesía de Verducido e dunha partición do monte que se fixera entre os veciños e Pedro Álvarez IV de Soutomaior, xunto cos nomes dos veciños implicados. O memorial vai debuxando a localización e límites dos *sesteiros* do Suído en que estaba interesado o seu señor, e deste modo vainos dando así información sobre as antigas demarcacións entre freguesías e señoríos nesta parte do territorio. Este memorial de Nicolao de Ventín estaba dirixido a contribuír directamente á falsificación dun documento que amparase as ambicións de Pedro Álvarez en contra dos moradores destas parroquias.

En C45 Nicolao dá conta das xestións que o seu señor lle encomendara de verificar a existencia de gando e landras por terras de Cotobade e Terra de Montes, no señorío de Santiago, fóra dos límites de Soutomaior. As pesquisas resultan ser negativas para os intereses de don Pedro. Dille tamén que lle fará chegar o pan (gran de centeo) e os diñeiros en canto os teña, e por outra parte solicítalle viño para a voda dunha sobriña. É así mesmo de interese a preocupación que manifesta Nicolao polas noticias que ten de que o gobernador os vai chamar de novo a el e a Bieito de Sobral polo proceso que polo matricidio de dona Inés Henríquez de Monroi instruíra e fallara en xuño de 1518 o alcalde Rodrigo Ronquillo; pide instrucións e asesoramento letrado.

As cartas mostran por iso non só os usos epistolares da época, senón tamén os métodos dun sector da nobreza galega para establecer e perpetuar o seu dominio. En definitiva, a existencia mesma das cartas e o seu contido inxírense dentro dun episodio de grande importancia para a historia dos Soutomaior neste primeiro terzo do XVI, cal foi o proceso polas artes falsificadoras de Pedro Álvarez V e a súa ulterior segunda condena a morte, polo demais nunca executada debido ao seu refuxio de Portugal. Non é de menor importancia que a través das cartas poidamos revivir, desde dentro, episodios da vida da época, e que saian á luz as artes e modos de proceder en que os señores envolvían aos seus servidores.

Creemos tamén de interese o esforzo dedicado á fixación da «xeografía» mencionada nas cartas, sobre todo en C44, tanto polas denominacións precisas dos lugares coma pola súa exacta localización, sobre todo tendo en conta que trazan antigos límites xurisdicionais entre varios señoríos (Santiago, Ribadavia, Melón). Os datos fornecidos nos textos posibilitan a restauración dalgunhas denominacións (*sesteiro*, *Boca da Renoba...*), e a documentación da existencia doutras que mudaron de nome ou que parecen esquecidas (ou simplemente faltan nas fontes escritas): *Pedra de Juíz*, *Campo da Taboada*, *Outeyro do Mouro*.... Por outro lado, sabemos pola

información das cartas que daquela a Carballa da Cruz servía de marco entre as freguesías de Antas, Verducido e Couso e cales eran os límites exactos do señorío de Soutomaior, ao que pertencía Verducido, límite no cadrante NE.

Finalmente, como curiosidade, non podemos deixar de mencionar o fio que leva das cartas ao cura de Fruime, Diego Cernadas de Castro, e a frei Martín Sarmiento, dúas figuras senlleiras que aluman estes «séculos escuros». É este noso Verducido o *Berdusido* aludido polo cura de Fruime na coñecida copla con que encabeza un poema dedicado ao bispo de Córdoba Francisco Garrido de la Vega, un dos ilustres descendentes dos Garrido en liorta con Nicolao de Ventín. Por outro lado, o *Juan García de Zerague* que aparece en C45, emparentado por liña materna cos Soutomaior, é devanceiro do padre Sarmiento por naceren os seus avós paternos nese solar dos García de Ceraxe.

Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé L. RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO (2004): «Escrita epistolar en galego: a correspondencia de don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626) (I)», *BRAG* 365, 253-291.
- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé L. RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO (2005): «Escrita epistolar en galego: a correspondencia de don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626) (II)», *BRAG* 366, 225-303.
- ÁVILA Y LA CUEVA, FRANCISCO ([1852-1854] 1995): *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*. Edición facsimilar. 4 vols. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- BARROS, Carlos (1991 [2005]): «Violencia y muerte señorial en Galicia a finales de la Edad Media», *Studia Histórica. Historia Medieval* IX, 111-157. [rev.: nov. 2005, <http://www.medievalismo.org/herramientas/articulos.htm>]
- BARROS, Carlos (1996 [2005]): «A morte a lanzadas da condesa de Santa Marta (1470): unha análise», en J. M. Vázquez Varela et al.: *A guerra en Galicia. O rural e o urbano na historia de Galicia*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores, 89-120. [rev.: nov. 2005, <http://www.medievalismo.org/herramientas/articulos.htm>]
- CORDE = Real Academia Española: Banco de datos (CORDE) [en liña]. *Corpus diacrónico del español*. <<http://www.rae.es>> [maio 2012].
- COSTA, António Carvalho (1706): *Corografia portuguesa, e descripçam topografica do famoso reyno de Portugal*. Lisboa: Officina de Valentim da Costa Deslandes.

- CRESPO DEL POZO, José Santiago (1957-1965): *Blasones y linajes de Galicia*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- CRESPO DEL POZO, José Santiago (1972): «Apuntes para la genealogía del P. Sarmiento», *Cuadernos de Estudios Gallegos* 27, 343-351.
- FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo (2000): «Economía rural y vida campesina en la Galicia occidental en tiempos de Carlos V», en A. Eiras Roel (coord.): *El Reino de Galicia en la época del emperador Carlos V*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 171-259.
- FERREIRA PRIEGUE, Elisa (1988): *Los caminos medievales de Galicia*. Anexo 9 de *Boletín Avriense*. Ourense: Museo Arqueológico Provincial.
- MARTÍN BAÑOS, Pedro (2005): *El arte epistolar en el Renacimiento europeo, 1400-1600*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- MONTEIRO, Fernando Manuel Moreira de Sá (1988): «Castros e Sousas. Senhores de Parderrubias, da honra de Remoães e morgados do Peso», *Boletim de Trabalhos históricos* xxxix, 164-220.
- PICALLO, Heitor (2007a): «Versos para unha arquitectura extinguida. Unha pinga de augas santas». <http://www.elcorreogallego.es/indexSuplementos.php?idMenu=17&cidNoticia=216924> [xuño 2011].
- PICALLO, Heitor (2007b): «Versos para unha arquitectura extinguida. Cando tremen os alicerces». <http://www.elcorreogallego.es/indexSuplementos.php?idEdicion=1489&cidMenu=17&cidNoticia=220217> [abr. 2013].
- RÍO BARJA, Francisco Javier (1990): *Cartografía Xurisdiccional de Galicia no Século XVIII*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- RODRÍGUEZ FRAIZ, Antonio (1971): «Tierra de Montes. Torre-Fortaleza do Castro y Jueces Merinos», *Compostellanum* xvi, 333-395.
- RODRÍGUEZ SUÁREZ, M^a del Pilar / Mercedes VÁZQUEZ BERTOMEU (2002): «Usos epistolares de la nobleza gallega a principios del siglo XVI: el ejemplo del D. Pedro Álvarez de Sotomayor», en Carlos Sáez / Antonio Castillo Gómez: *La correspondencia en la Historia. Modelos y prácticas de escritura epistolar. Actas del VI Congreso Internacional de Historia de la Cultura Escrita*. Vol. 1. Madrid: Calambur, 231-245.
- SARMIENTO, Martín (1999): *A viaxe de Fr. M. Sarmiento a Galicia en 1754*. Salamanca: Lectorado Galego de Salamanca.
- SILVA, Armando Barreiros Malheiro da (1983): *O mosteiro de S. Salvador de Paderne em demanda com os senhores da Quinta de Pontiselas (século XVII). Subsídios para a Genealogia dos «Mogueimas y Fajardo»*. Melgaço: Câmara Municipal.
- VILA, Suso (2010): *A casa de Soutomaior (1147-1532)*. Noia: Toxosoutos.

